



BOP

MARTES, 27 DE XANEIRO DE 2026

N.º 021

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS. Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: LAT 132 KV. D.C. SUB. MAGAZOS - SUB. BOIMENTE. TRAMO S.C. ENTRE A SUB. MAGAZOS E O APOIO Nº 28 (CONCELLO DE VIVEIRO)

Expediente: IN 407 A 2020/18-ATE)

Advertida erro no Anuncio de referencia, PUBLICADO no Boletín Oficial de Lugo con data 20 de xaneiro do 2026 , no cadro anexo, onde di "Predio 231, Mª del Carmen Dopico Paleo" debe dicir "Predio 192, descoñecido"

Xúntolle calendario actualizado:

Predio	Titular	Día	Hora
46	ELDA MARIÑO LEAL	24.03.2026	10.00 h
47	HEREDEROS DE JOSÉ LÓPEZ RUA, ANDRÉS LÓPEZ BLANCO	24.03.2026	10.30 h
51	HEREDEROS DE MANUEL FERNANDEZ DOVALE	24.03.2026	11.00 h
89	HEREDEROS DE ANTONIA BALSA ROMEO	24.03.2026	11.30 h
127	MARIA DOLORES DOCAL IGLESIAS Y ANTONIO DOCAL IGLESIAS	24.03.2026	12.00 h
163	ANTONIO DOCAL CALVO	24.03.2026	12.30 h
164			
139B			
171	VICTORIA MARTÍNEZ CORA y FRANCISCO MARTÍNEZ VIGO	24.03.2026	13.00 h
172			
173			
174			
181	VICTORIA MARTÍNEZ CORA	24.03.2026	
52	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)	24.03.2026	13.45 h
57	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
84	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
87	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DOLORES REY REY)		

91	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DOLORES REY REY)		
186	MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ ROUCO Y GERARDO VÁZQUEZ GALDO	25.03.2026	10.00 h
189			
198	GEMMA PERNAS RODRÍGUEZ, ANTONIO PERNAS RODRÍGUEZ, JAIME PERNAS RODRÍGUEZ, MANUEL PERNAS RODRÍGUEZ Y JOSEFA MARTÍNEZ NÚÑEZ	25.03.2026	10.30 h
210	ANTONIA GARCIA POLO	25.03.2026	11.00 h
219	M ^a CARMEN ALBO MON	25.03.2026	11.30 h
221			
230	JOSE ANTONIO RUBAL FERNANDEZ	25.03.2026	12.00 h
<u>192</u>	<u>DESCOÑECIDO</u>	<u>25.03.2026</u>	<u>12.30 h</u>
114	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JESUS MATINOTE CHAO)	25.03.2026	13.00 h
146	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
160	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
223	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JESÚS DOPICO GARCÍA)		
142B	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
234	RAMON RAMOS CASABELLA	26.03.2026	10.00 h
236			
242	ILDA IGLESIAS GONZÁLEZ	26.03.2026	10.30 h
267	JESÚS RAMOS CASABELLA	26.03.2026	11.00 h
141B	JOSE SALGUEIRO ABAD	26.03.2026	11.30 h
233A	EULOGIO CASABELLA DEL RÍO	26.03.2026	12.00 h
265A	RAMÓN RAMOS CASABELLA / JESÚS RAMOS CASABELLA / MODESTO RAMOS CASABELLA	26.03.2026	12.30 h
143B	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)	26.03.2026	13.00 h
156A	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JOSE CAO CERDEIRAS)		
163A	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. JESÚS CAZAS PRIETO)		
45D	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		
45E	FISCAL AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO (RPTA. DESCOÑECIDO)		

Lugo, 21 de xaneiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0151

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA. AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DE HORARIO DE PECHES DOS NEGOCIOS HOSTELEIROS DURANTE AS FESTIVIDADES DO 2026.

Por Resolución de Alcaldía, de data 20 de xaneiro de 2026, aprobouse a solicitude de autorización de ampliación de horario de peche dos negocios hostaleiros durante as festividades do 2026. Expediente 59/2026.

Visto que tivo entrada neste Concello, o día 20/01/2026, número 2026-E-RC-133, escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI ***2806**, en nome e representación acreditada da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo (APEHL) mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalería asociados á APEHL deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- **ENTROIDO:** todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- **PONTE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.
- **SEMANA SANTA:** todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- **SAN XOÁN:** a noite do 23 ao 24 de xuño.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** todas as noites desde a noite do 4 oa 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, desfrutarase de máis tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo: *"1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.

4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas."

Vista a proposta de resolución PR/2026/11, de 20 de xaneiro de 2026./ Vista la propuesta de resolución PR/2026/11, de 20 de enero de 2026.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación; RESOLUCIÓN:

Primeiro.- A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con produción de efectos desde a data da presente resolución:

- **ENTROIDO:** todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).

- **PONTE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.

- **SEMANA SANTA:** todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).

- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.

- **SAN XOÁN:** a noite do 23 ao 24 de xuño.

- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.

- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.

- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.

- **TODOS OS SANTOS:** as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.

- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** todas as noites desde a noite do 4 oa 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).

- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

Segundo.- Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Comandancia da Garda Civil de Becerreá para o seu coñecemento.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla (<https://baralla.sedelectronica.es>).

Baralla, 20 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0152

BURELA

Anuncio

MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE BURELA

En virtude do disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Resultando que o artigo 47 do ROF, prevé que corresponde ós Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ó Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Resultando que o citado artigo establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polo Tenente de Alcalde a quen corresponda, sen expresa delegación que reunirá os requisitos do artigo 44.1 e 44.2

Resultando que o artigo 44.1 e 44.2 do ROF indica que as delegacións serán realizadas mediante Decreto da Alcaldía que conterà como mínimo o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto no ROF, e que a delegación de atribucións do Alcalde surtirá efecto dende o día seguinte á súa data, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Resultando que esta Alcaldesa se vai atopar ausente, por viaxe institucional os días 21, 22 e 23 de xaneiro de 2026, o que lle impide poder realizar as súas atribucións no período referido.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar a totalidade das funcións desta Alcaldía no 1º Tenente de Alcaldesa, Mario Pillado Mon, os días 21, 22 e 23 de xaneiro de 2026. Esta delegación surtirá efectos dende a súa sinatura e na data indicada

SEGUNDO.- Da presente resolución darase traslado ao 1ª Tenente de Alcaldesa e será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Burela, 21 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0153

CASTROVERDE*Anuncio*

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 20 de Xaneiro de 2026, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (4º trimestre do ano 2025).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 28 de Xaneiro de 2026 ata o 28 de Marzo de 2026. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 20 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0176

GUITIRIZ*Anuncio*

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE GUITIRIZ (12ª modificación) . Expte. 1176/2025.

Por acordo plenario de data 04/12/2025 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT en relación as fichas nº 27, nº 31, nº 16, nº20, no relativo exclusivamente ao seguinte:

A) CREACIÓN DE NOVOS POSTOS DE TRABALLO.

a. Creación dun novo posto de traballo na ficha nº 27 da RPT; correspondente con Técnico medio de PAI correspondente co código 83.

b. Creación dun novo posto de traballo na ficha nº 31 da RPT; correspondente con un Auxiliar de Xeriatria do CD co código 82.

B) Transformación para equiparación da ficha nº 16 “Conserxe instalacións municipais – condutor” as fichas nº 13 “Conserxe de instalación municipais” e ficha nº 14 “Conserxe de colexio ou instalación municipais” dada a necesidade de ter un conserxe para a realización de tarefas destes postos e que sexa persoal funcionario como os das fichas 13 e 14 e non persoal laboral fixo como está agora mesmo a ficha nº16 da RPT.

Precisando que a ficha nº16 da RPT teña as mesmas funcións que a ficha nº 13, quedaría do seguinte xeito:

FICHA Nº 16. Posto de Traballo: Conserxe de instalacións municipais (Código 20)

— Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.

— Grupo: A.P.

— Escala/Subescala: Administración Xeral, Subalterna

— Formación específica: No.

— Tipo de posto: Base ou non singularizado

— Nº de postos: 1

— Vacante: 1

— Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición

— Nivel de complemento de destino (CD): 14

— Complemento específico anual (CE): 9068,20 euros (actualizado 2023)

— Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas.

Principais funcións do posto:

Xerais:

- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade.

- Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

- Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

- As sinaladas no artigo 167.2 e 169.1 e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, como tarefas de vixilancia e custodia interior de oficinas, conserxería, información Xeral, apertura e peche das instalacións, atención persoal e telefónica, realización de fotocopias, custodia de chaves, apagado e acceso de luces, ou outras análogas en edificios e instalacións municipais.

- Servizos Xerais e servizos varios como control instalacións (ascensores, calefacción, extintores); control do estado de mantemento e limpeza das instalacións; reparacións sinxelas de fontanería, sanitarios, electricidade, informática; partes de avarías eléctricas ou doutro tipo e comunicación de anomalías; control e repartición de material e reposicións; recollida e traslado de aveños; revisión e mantemento do caixa de primeiros auxilios de primeiros auxilios, etc...

- Apoio puntual ao servizo de deportes e actividades socioculturais, como dar información sobre as distintas actividades, prazos, cotas, folletos de inscrición, etc...

C) Transformación da ficha nº 20, código 25 “Peón Servizos” nunha nova ficha que sería a nº 20. bis e se denominaría “Peón de servizos – Tractorista”, ante as necesidades de ter persoal que manexe os tractores municipais ou vehículos análogos. Dita ficha quedaría do seguinte xeito:

FICHA Nº 20. bis. Posto de Traballo: Peón Servicios – Tractorista (1) (Código 25)

- Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.
- Grupo (Equivalencia): C2
- Formación específica: Carne conducir tipo C e Certificado de Aptitude Profesional (CAP)
- Nº de postos: 1
- Vacantes: Si
- Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- Retribucións integras anuais: 23518,93 euros (actualizado 2023, sen trienios)
- Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas

Principais funcións do posto:**Xerais:**

- Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os traballos que se lle encomenden sexan realizados con celeridade.
- Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.
- Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

- Operario-condutor do servizo de auga potable e rede de sumidoiros, recollida de residuos e limpeza viaria (contedores, papeleiras, etc...)
- Tarefas propias do servizo municipal de recollida de residuos e limpeza viaria.
- Condución / manexo, segundo necesidades, dos tractores municipais (ou vehículos análogos e /ou para cuxa condución se requiran idénticos permisos/autorizacións administrativas).

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial elevase a definitiva ao non haber formulada ningunha reclamación, suxestión ou alegación á mesma .

O que se publica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 21 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0154

VIVEIRO

Anuncio

LICITACIÓN**1. APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

- Órgano: Resolución de Alcaldía por avocación de competencias
- Fecha: 14 de enero de 2026

2. ENTIDAD ADJUDICADORA

- a. Organismo: Ayuntamiento de Viveiro
- b. Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Contratación
- c. Domicilio: Plaza Mayor 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

3. OBJETO DEL CONTRATO

- a. Tipo de contrato: Contrato de concesión del uso privativo de dominio público.
- b. Objeto del contrato: Concesión del uso privativo para la explotación de los puestos 1, 3, 4 y 7/9 de la Plaza municipal de Abastos de Viveiro.

c. Número de expediente:

- Servicio de Contratación CT 1/2026
- Gestiona 463/2026

d. Plazo de concesión 1 año, con la posibilidad de una prórroga anual (1+1).

4. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN

- Procedimiento abierto

5. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN. CÁNONES MENSUALES MEJORABLES AL ALZA

Lote 1-Puesto 1-Superficie 6,50 m2-Precio mejorable 20,67 €/mes

Lote 2-Puesto 3-Superficie 7,15 m2-Precio mejorable 22,74 €/mes

Lote 3-Puesto 4- Superficie 12,82 m2-Precio mejorable 40,77 €/mes

Lote 4-Puestos 7-9-Superficie 28,55 m2-Precio mejorable 90,79 €/mes

6. GARANTÍAS

- a. Provisional: 2% del valor de dominio público objeto de ocupación.
- b. Definitiva: 3% del valor de dominio público objeto de ocupación.

7. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Entidad: Ayuntamiento de Viveiro / Servicio de Contratación
- b. Dirección: Plaza Mayor núm. 19-20
- c. Código postal y localidad: 27850 Viveiro
- d. Teléfono: 982 56 01 28
- e. Correo electrónico: contratacion@viveiro.es
- f. El proyecto de pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas, regulador de la adjudicación del contrato, se podrán consultar en el perfil del contratante del Ayuntamiento, ubicado en la Plataforma de Contratación del Sector Público, pudiendo acceder al mismo desde la dirección www.viveiro.es, perfil del contratante, o bien directamente en la siguiente dirección: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>.
- g. Los interesados podrán solicitar información adicional sobre los pliegos y demás documentación complementaria con una antelación mínima de cinco días a la finalización del plazo de presentación de proposiciones.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

- a. **Fecha límite de presentación:** Treinta días hábiles (30), contados a partir del día siguiente al de publicación de este anuncio en este Boletín. En la Plataforma de Contratación del Sector Público constará día y hora de finalización del plazo de presentación de ofertas.
- b. **Forma y lugar de presentación:** contratación electrónica, subiendo los archivos de documentos a la Plataforma de Contratación del Sector Público.
- c. **Documentación a presentar:** La establecida en la cláusula 17 del pliego de cláusulas administrativas particulares (Forma de presentación de las proposiciones). En la parte final del pliego figuran Anexos con modelos de presentación. El Anexo V corresponde a la solicitud de participación y oferta económica (la oferta se presentará en importe mensual).
- d. **Hora límite de presentación:** Hasta las 23:59 horas del último día de presentación de proposiciones.

9. APERTURA Y VALORACIÓN DE LAS OFERTAS

- a. Órgano: Mesa de Contratación
- b. Domicilio: Salón de Actos / Plaza Mayor núm. 19-20, planta baja.
- c. Localidad: Viveiro (Lugo)
- d. Fecha y hora: Será comunicada a los licitadores.
- e. Forma de celebración del acto: electrónica, accediendo a la Plataforma de Contratación del Sector Público. Los licitadores pueden actuar de forma presencial o por videoconferencia.
- f. Criterios de valoración de las ofertas: el señalado en la cláusula 18 del pliego de cláusulas administrativas particulares.

Viveiro, 14 de enero de 2026.- La alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 0134

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – CERVO
Anuncio

BASES CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO DESFILE DE ENTROIDO EN SAN CIPRIÁN - CERVO 2026

BDNS (Identif.): 882690

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/882690>)

Primeiro. Obxecto.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do “Concurso de disfraces do desfile de Entroido 2026 en San Ciprián”, organizado polo Concello de Cervo.

Segundo. Beneficiarios.

Poderá participar no concurso e ser beneficiaria destas axudas calquera persoa ou grupo de persoas, representadas por un dos integrantes do grupo debidamente autorizado.

Terceiro. Contía da axuda.

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 337/4893001 “Premios Entroido 2026”, cun crédito máximo para esta convocatoria de 2.397,28 €.

A contía dos premios será a seguinte:

INDIVIDUAL

ADULTO

1º PREMIO: 40,00 €

2º PREMIO: 20,00 €

INFANTIL

1º PREMIO: 40,00 €

2º PREMIO: 20,00 €

PARELLAS

ADULTO

1º PREMIO: 70,00 €

2º PREMIO: 35,00 €

INFANTIL

1º PREMIO: 70,00 €

2º PREMIO: 35,00 €

GRUPOS (3-8 PERSOAS)

INFANTIL

1º PREMIO: 120,00 €

2º PREMIO: 90,00 €

3º PREMIO: 60,00 €

ADULTOS

1º PREMIO: 120,00 €

2º PREMIO: 90,00 €

3º PREMIO: 60,00 €

GRUPOS XUVENIL (MÁIS DE 3 COMPOÑENTES, 12-18 ANOS)

1º PREMIO: 200,00 €

2º PREMIO: 120,00 €

3º PREMIO: 70,00 €

COMPARSAS

INFANTIL

1º PREMIO: 250,00 €

2º PREMIO: 170,00 €

3º PREMIO: 90,00 €

ADULTOS

1º PREMIO: 250,00 €

2º PREMIO: 170,00 €

3º PREMIO: 90,00 €

Cuarto. Prazo de presentación de solicitudes.

A inscrición terá lugar na Casa da Cultura de San Ciprián. O prazo ordinario para inscribirse no concurso remata o día 16 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas. Tamén poderá realizarse a inscrición o mesmo día do concurso ata unha hora antes do seu comezo, ante o persoal do Concello que participe na organización do acto.

A restante documentación poderá presentarse de forma simultánea á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitadas aquelas persoas participantes que, aínda constando como beneficiarias dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación recollida neste artigo antes do acordo de concesión.

Cervo, 21 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, M.ª Dolores García Caramés.

R. 0155

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – COSPEITO

Anuncio

CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO

BDNS (Identif.): 882726

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/882726>)

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2026

1. OBXECTO

Os festivais de disfraces terán lugar o día 13 de febreiro de 2026.

Festival de disfraces infantil: celebrarase a partir das 17:30 horas.

Festival de disfraces para adultos: celebrarase cando remate o festival infantil, aproximadamente a partir das 23:00 horas.

O réxime da concesión da subvención será mediante concorrencia competitiva.

2. PARTICIPANTES

Festival infantil: Poderán participar todas aquelas persoas interesadas ata os 16 anos de idade entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 17:30 horas. Participarase en tres categorías: individual, parellas e grupos ou comparsas, nas comparsas ou grupos poderá participar como

máximo 1 adulto, en casos excepcionais onde o número de nenos menores de 16 anos sexa igual ou superior a 12 poderán participar 1 adulto por cada 12 nenos.

Festival de adultos: Poderán participar as persoas maiores de 14 anos entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 23:00 horas. Haberá tres categorías: individual, parella (dúas persoas mínimo un adulto) e grupo ou comparsa (o grupo estará integrado por 3,4 ou 5 persoas e as comparsas estarán integradas por un mínimo de 6, nas comparsas poderán participar nenos/as de todas as idades cun mínimo de 3 adultos.

3. INSCRICIÓN

Os participantes deberán cumprimentar a folia de inscrición que corresponda segundo o concurso e a categoría na que queiran participar, que deberán entregar a calquera dos membros do xurado antes do comezo do concurso (Constan como Anexo ás presentes bases). Inscrición infantil: 16:30 horas; Inscrición adultos: 22:00 horas.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Os aspirantes ao concurso de disfraces, seguindo as indicacións que efectúe o xurado, desfilarán e amosarán os seus disfraces, mostrándoos ó público e ó xurado.

Os participantes no concurso de grupos e comparsas que se celebrará durante o festival de adultos poderán realizar unha actuación na que interpretarán un máximo de tres cancións.

Poderán traer un USB coa música para acompañar a súa interpretación, se así o desexan, que deberá facilitárselle á organización no momento da súa inscrición.

Dado o carácter humorístico desta festa, o Concello non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das persoas participantes.

Cada comparsa deberá designar na súa folia de inscrición un representante que será a persoa á que se lle entregará o premio no caso de resultar gañadora.

O mesmo disfraz non poderá participar en 2 categorías distintas.

5. PREMIOS

a) Categoría individual:

- 1º premio: 120 €.
- 2º premio: 90 €.
- 3º premio: 70 €.

b) Categoría parellas:

- 1º premio: 150 €.
- 2º premio: 120 €.
- 3º premio: 100 €.

c) Concurso de grupos e comparsas:

- 1º premio: 400 €.
- 2º premio: 300 €.
- 3º premio: 150 €.

Engádesse un premio especial de 150 euros a elección e según criterio dos membros do xurado a unha comparsa que non teña recibido outro premio.

6. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras de subvencións atópanse publicadas no B.O.P. núm. 275 de data 29-11-2025.

Cospeito, 21 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 0156